

REGULAMENTO DA PLAZA DE ABASTOS

1. Tódolos postos vacantes fixos que haxa na Plaza serán adjudicados pola Comisión de Goberno, previo informe da Comisión de Benestar Social, dacordo coa ordenanza, as persoas interesadas na concesión dun posto fixo deberá solicitar previamente a correspondente Licencia, ademáis de estar en posesión dos demais requisitos para poder realizar a súa actividade, que pode ser a correspondente Licencia Fiscal, carné de manipulación de alimentos e seguro autónomo.
2. Os titulares dos postos fixos faráselle entrega dunha tarxeta de identificación, que deberán mostrala o requirimento da autoridade municipal.
3. Os vendedores/as que sexan titulares dun posto, dispondrán do posto que teñen o seu nome e venderán a mercancía para a que o citado posto foi solicitado, así como mantelo posto en perfectas condicións e reparando posibles desperfectos que éstes ocasionen, e tendrán a tarxeta de Manipulador de alimentos a presenza do público. Usarán uniforme ou bata branca con gorra.
4. O peixe que sexa comprado venderase exclusivamente dentro dos postos habilitados para elo, en ningún outro sitio da plaza se poderá vender este peixe.
5. O peixe dos oficios baixos venderase nos postos destinados a esta clase de peixe (nas parrillas) e nunca nos pasillos enriba de caixas ou outros obxetos.
6. Os titulares dos postos de peixe ou a persoa que estea o seu frente terá a obrigaón de non deixar que manoseen o peixe, así como ter o peixe en boas condicións para o seu consumo, o incumprimento deste requisito poderá levar a cabo a rescisión do contrato.
7. A fruta, legumbres e produtos derivados do campo venderase na planta alta da plaza.
8. As vendedoras da fruta venderán nos postos asignados para elo, sendo estes os postos que están polo centro da planta alta da praza, e non poderán ter a fruta fora do posto, ou sexa por diante do posto, encima de caixas ou outros obxetos, así como manterán o seu posto limpo é en boas condicións, os posibles destrozos dos mesmos correrán o seu cargo.
9. As vendedoras ambulantes de legumbre venderán na planta alta da plaza, estas soio poderán vender produtos do seu campo ou envernadoiro, ou sea, da cosecha propia, e nunca dedicarse a compra-venta dos mesmos. O sitio asignaráselle no seu momento.
10. Os postos da planta alta que están cerrados serán destinados para a venda de ultramarinos e alimentación, así como cafeterías que, poden ser:
 - Pan, pan de millo, empanadas, empanadillas, etc.
 - Churros, bolos de leite, etc.
 - Floristería.
 - Embutidos, xamóns, queixos, chourizos, etc.
 - Outros que se acorden pola Comisión de goberno.

En estos postos dependendo do que se venda, terán as instalacións axeitadas, como poden ser conxeladores, frigoríficos ou vitrinas de exposición.

11. O uso e disfrute dos postos, así como o abono de taxas queda regulado na Ordenanza Fiscal aprobada polo pleno da Corporación Municipal. A falta de pago dunha mensuralidade será causa suficiente para a rescisión do contrato.

11. Bis. As vendedoras da planta alta poderán baixar os días de mercadillo, sabados, e visperas de festivo, colocándose onde o encargado da plaza lles indique. Tendrán que deixar os postos limpos o seu remate da xornada de traballo.

12. O encargado de plaza terá facultade exclusiva de ordenar, controlar e facer cumprir as presentes normas e outras que emanen da Corporación, sendo o representante da Autoridade municipal no Mercado, e será auxiliado pola Policía Local.

13. O incumplimento reiterado deste Regulamento ou Ordenanza Fiscal Municipal, será motivo de sanción e poderá levar consigo a perda do posto que, será acordada pola comisión de Goberno previo informe do encargado e delegado da praza de abastos.

14. Haberá unha báscula municipal a disposición do público, co fin de comprobar os pesos dos produtos, baixo vigilancia e control do encargado da praza de abastos.

15. Os prezos estarán expostos de maneira visible o consumidor (os postos fixos).

16. Se solicitarán cada seis meses os postos fixos, I.A.E. (Imposto Actividades Económicas).

17. O encargado da plaza, fará cada 3 meses, un parte de incidencias (baixas, altas, relación dos impagados, etc.)

18. Que por Tesorería, se fagan novos recibos con matriz, para que quede constancia no Concello.

REXIME SANCIONADOR

19. As infraccións clasifícanse en tres grupos según a súa incidencia sobre a actividade, do local ou posto e así serán consideradas:

a) Leves:

- 1) As discusións ou altercados e pequenas pendencias que non alteren o desenrolo da actividade do Mercado.
- 2) Os descuidos ocasionados na limpeza do posto ou local e indumentaria utilizada.
- 3) Calquer infracción do Regulamento non considerada falta grave.

b) Graves:

- 1) A reiteración das faltas leves de idéntica natureza dentro dun periodo de tempo que non supere o ano.

- 2) A comisión de tres fallas de hixiene ou limpeza dentro do mesmo ano.
- 3) O reiterado incumprimento deste Regulamento ou das normas de funcionamento dictados pola autoridade municipal.
- 4) Fraude no peso, medida ou data de caducidade dos produtos que se ofrecen o público.
- 5) Dificultar a labor inspectora-sanitaria.
- 6) Ter o posto ou local pechado durante 3 días consecutivos ou alternos nun mes.
- 7) Realizar obras ou modificacións no local sin autorización municipal.
- 8) O desacato as ordes emanadas da autoridade municipal.
- 9) A falla de pago da taxa mensual.
- 10) Empreñar no negocio persoa allea a familia sen autorización.

c) Moi Graves:

- 1) A reiteración de calquera das graves.
- 2) A falla total de hixiene e limpeza do local ou posto.
- 3) A cesión ou arrendamento do posto ou local sen autorización municipal.
- 4) Ter pechado o posto ou local sen causa xustificada mais dun mes.
- 5) Negarse a autorización dunha inspección do local cando o Veterinario Inspector ou Farmacéutico o considere necesario.

20. As infraccións sancionaranse:

- a) As leves con apercibimento e multa de 1.000 ata 5.000 pesetas.
- b) As moi graves con suspensión, con peche do posto durante un ano ou perda da concesión con obriga de deixar libre o posto ou local en prazo de dez días, con esixencia das responsabilidades que procedan.

21. Son sancións especiais que se aplicarán a casos concretos:

- a) O decomiso de mercancías.
- b) A suspensión de obras ou instalacións.
- c) As multas ou recargos previstos na Ordenanza e os impostos por acordo municipal.

22. O presente regulamento entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

MOAÑA

ANUNCIO

Con data 24 de xaneiro de 1995, o pleno da corporación, en sesión extraordinaria, acordou a aprobación provisional do expediente de modificación do regulamento da praza de Abastos.

De acordo co disposto no artigo 49 da Lei 7/85, de 2 de Abril, sométese expediente a información pública por un período de 30 días, durante os que os interesados poderán examinalo expediente e presentalas reclamacións que estimen oportunas.

O devandito prazo se computará a partir da data de publicación do presente anuncio no “Boletín Oficial” da provincia.

O expediente está a dispor dos interesados na Secretaría da Corporación, en horario de oficina.

Moaña, a 14 de febreiro de 1995. O Alcalde, ilexible.